

Prisioneiro dun voo xelado

Antonio Pombar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POMBAR, ANTONIO (2011 [1982]). “Prisioneiro dun voo xelado”. *Nordés. “Ollada na poesía”*: 9 (II Data), 32. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1396>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POMBAR, ANTONIO (1982). “Prisioneiro dun voo xelado”. *Nordés. “Ollada na poesía”*: 9 (II Data), 32.

* Edición dispoñíbel desde o 8 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OLLADA NA POESÍA

Por ANTONIO POMBAR

PRISIONEIRO DUN VOO XELADO

O libro de R. Baixeras, «Fentos no mar» (1), ten moitas lecturas. Dende logo, a perfección formal é unha ledicia pra un gusto esixente, pois compre unha función de trabe e sostén dun mundo complexo espallado sobor do artellamento clásico do verso.

O mundo complexo de «Fentos no mar» xurde en sucesivas lecturas, pois non é ista poesía tan crara como aparenta. Hai nela moito pudor, moitas suxerencias, exploracións suavemente veladas.

Por exemplo, o mar. Que está presente, máis ou menos, en todo o libro. Un mar sempre agoirento, «un mar que esvacia no desamparo», desleigado da gloria da vida, furando no ser «en ondas sobre min». O poeta está írente ao mar coma «frente a un deus en agonía». E a vida que pasa, o tempo que fuxe, o neno que Baixeras persigue nos ollos abisais, ten na mar o seu símbolo agónico, inmenso «mar que bate» nos cons cambiantes da vida.

Ista concencia de cambio, de permanente mutación, aparece en Baixeras tinxida dunha lene melancolía. A fermosura do soneto ven da delicadeza do sentimento contido, expresado antre dúas imaxens nas que se articula o poema: a inmensa mar —dun pasado cecáis feliz, pois é evocado con nostalgia e dor— e ise sabor de salitre «no cabo consumido», que é o que deixa nos labios a lembranza, cando se leva a evocacións extremas.

Prisioneiro de formas xeladas, Baixeras deixa o tempo pasado incidir no poema coma unha lanzada. «Súbito nos prende - alguén que chama dun luar varado». É curioso comprobar cómo xurde na concencia do poeta ise tempo recuado, que vela a súa presenza. ¿De qué vivencias se nutre? ¿Qué busca? Cecáis liberarse da saudade —¿de qué?—. Pois, ás vegadas, coma no poema «O fruto», o pasado incide violentamente no presente «como o lamento de fruto arrebolado contra a terra». E ista esixencia non ven por vía meditativa sinon dorida, «un vento non daquel mar» sinon da treva que dissolve palabras: ou sexa, do subconsciente.

Talvez —e «Procurei noutro mar» sexa unha mostra— o poeta achou un xeito intelixente de coexistir coa saudade que amurcha o vivir, e que non pode nin quere superar. O esencial é que il non se entrega ao presente puro, integral do verso, sinon que afonda «noutro mar, no solitario - regreso das arelas espiñosas», pra espallar, dende alí, unha fermosa e soave luz.

Vigo, agosto 1982

(1) Xavier Rodríguez Baixeras, «FENTOS NO MAR», Edicións do Castro, Sada 1981.